



13ª XORNADAS INTERNACIONAIS DE JUDO - NADAL 2021

Galicia Judo
FEDERACIÓN GALEGA

27 - 29 DECEMBRO A CORUÑA

JUDO EN FEMININO

antes, agora e sempre



Deputación
DA CORUÑA

A CORUÑA
CENTRO EDUCATIVO LICEO LA PAZ



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



DEPORTE
GALEGO

VºBº:



TEXTO: Para debido coñecemento e difusión, envíase información referente a:



O deporte feminino é un termo empregado para describir deportes e ligas deportivas onde os deportistas son exclusivamente mulleres, o judo como arte marcial contemplou dende as súas orixes a presenza da muller na súa práctica, unha presenza que non fixo máis que crecer dende entón, conseguindo que a brecha entre homes e mulleres en relación ao interese por este deporte reduciuse notablemente nos últimos 50 anos.

O formato de competición de Judo, con igualdade en sedes, categorías de peso, actividades e premios contemplados tanto pola Federación Internacional como polo resto das federacións, non fixo máis que promover e consolidar a participación da MULLER no noso deporte.


Por iso a Federación Galega, seguindo nesta liña, propónse celebrar un ano máis as xornadas internacionais "O DEPORTE EN FEMININO", xornadas dirixidas ás judokas femininas pero nas que tamén poderán participar os judokas masculinos como en todas as nosas actividades pero no que as mulleres terá a vantaxe na organización e dirección das clases técnicas que se impartirán. Para iso contaremos cos nosos judokas máis internacionais que xunto cos adestradores do equipo de actividades deportivas:

ORGANIZA: FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO Y D. A.

DATAS: Do 27 ao 29 de decembro de 2021.

LUGAR: CENTRO EDUCATIVO LICEO LA PAZ DE A CORUÑA
C/ SEBASTIÁN MARTÍNEZ RISCO, 12 / 15009 A CORUÑA

COMITÉ TÉCNICO DEPORTIVO:



Contarase coa participación entre outros dos judokas Nikoloz Sherazadishvili e Alberto Gaitero.

OBXECTIVOS XERAIS:

PARA DEPORTISTAS:	Realizar adestramentos de judo destinados a incrementar o rendemento en competición.
PARA ADESTRADORES:	Traballo Técnico-Táctico. Métodos de adestramento modernos.

DIRIGIDAS A:

Mestres, adestradoras, competidoras, profesoras e federados en xeral.

HORARIOS:

1º DÍA	TARDE
	18.30 a 21.00h.
Luns 27 Decembro	18:30/19:00h Quentamento: Laura Martínez Abelenda. 19:00/20:00h Técnica: Laura Martínez Abelenda. 20:00/20:45h Randori. 20:45/21:00h Recuperación: Mónica Pacheco Lomba.
2º DÍA	MAÑA
	10.00 a 13.30h.
Martes 28 Decembro	10:00/11:00h Curso formativo nutrición. 11:00/11:30h Quentamento: Laura Bajo Borlán. 11:30/12:30h Técnica: Laura Bajo Borlán / Nagore Valle Benito / Ana Dapena García. 12:30/13:15h Randori. 13:15/13:30h Recuperación: Laura Bajo Borlán.
	TARDE
	18.00 a 20.30h.
	18:00/18:30h Quentamento: Estrella López Sheriff /Sara Rodríguez Rodríguez. 18:30/19:30h Técnica: Estrella López Sheriff /Sara Rodríguez Rodríguez. 19:30/20:15h Randori. 20:15/20:30h Recuperación: Estrella López Sheriff /Sara Rodríguez Rodríguez.
3º DÍA	MAÑA
	10.30 a 13.30h.
Mércores 29 Decembro	10:00/11:00h Curso formativo prevención lesiones. 11:00/11:30h Quentamento: Candela Fernández Sánchez. 11:30/12:30h Técnica: María Bernabéu Avomo. 12:30/13:15h Randori. 13:15/13:30h Recuperación: Sandra López Anido.

Para participar, a inscrición debe realizarse antes do **17 de decembro de 2021**, a través da seguinte ligazón:

<https://forms.gle/FfTAoZjp8UAgFnmz7>

PARTICIPACIÓN LIMITADA POR RIGOROSA ORDE DE INSCRIPCIÓN:

Respectando os aforos e de acordo ao seguinte criterio de preferencia:

- 1) Mestras e Mestres do equipo técnico deportivo da FGJudo.
- 2) Mestras e Mestres, adestradoras/es e profesoras/es colexiadas/os da FGJudo.
- 3) Medallistas internacionais e medallistas nacionais de Galicia.
- 4) Medallistas autonómicas/os de Galicia.
- 5) Mestras/es, profesoras/es colexiadas/os e federadas/os en xeral.

Non se admitirá a participación de calquera federado que non estivese inscrito en prazo e non cumpra os seguintes requisitos:

- **LICENZA DEPORTIVA:** Todos os participantes deberán estar en posesión da súa licenza federativa vixente nas súas respectivas federacións, así como do seu seguro médico deportivo e levar a listaxe de asistencia médica no concello da Coruña e o teléfono da súa mutua deportiva ou aseguradora.

- **AUTORIZACIÓN:** Os menores de idade deberán presentar tamén autorización materna/paterna.

- **CERTIFICADOS:** Todas/os as/os participantes no evento deberán presentar á súa chegada certificado de vacinación Covid-19 de pauta completa ou na súa falta 1 PCR (con selo de laboratorio e facultativo acreditado) nas 72h anteriores a súa chegada e na entrada ao evento faráselle un test de antíxenos. As/os participantes de fora de Galicia deberán presentar o visto bó da súa Federación.

- **ANEXOS:** Será obrigatorio cumprimentar e asinar os anexos adxuntos a esta circular que deberán entregar no control de acceso á instalación. **O uso da máscara será obrigatorio** salvo no momento do randori. Deberán informar do seu estado de saúde ao organizador, si presentou síntomas ou si mantivo contacto estreito con algunha persoa, dentro das medidas de confidencialidade oportunas. Non se poderá acceder á instalación deportiva no caso de presentar síntomas compatibles con COVID-19, estar en contacto con persoas infectadas por COVID-19, estar en período de corentena ou illamento preventivo. Igualmente, si presenta síntomas pseudo-gripais como signo clínico, febre, calafríos, cefalea, mialxia, debilidade, náuseas ou vómitos. Non se permitirá o acceso á instalación a quen teñan unha temperatura igual ou superior a 37,5°C.

- **PÚBLICO:** Non se permite a asistencia de público.

Ademais do anterior, todos os participantes na proba deberán respectar todas as demais normas e medidas en materia de prevención que establezan as autoridades competentes, tanto estatais como da comunidade autónoma, así como as previstas pola organización. **O incumprimento de todos os requisitos establecidos e das referidas normas de prevención poderán determinar a exclusión do participante do evento.**

DATA: 09/12/21 **ORIXE:** SECRETARÍA DEPORTIVA **CIRCULAR XERAL Nº:** 22-21
Anula a: **de data:**
PARA COÑECEMENTO: TODOLOS CLUBS DE JUDO
ASUNTO: JUDO EN FEMININO 13ª XORNADAS INTERNACIONAIS - NADAL 2021

Compartir estes días con estes grandes profesionais, sen dúbida, será unha experiencia deportiva marabillosa para todos os participantes que se animen ou se animen a vir á Coruña.

¡¡OS ESPERAMOS!!

A DIRECTORA DEPORTIVA

Asdo. Mónica Pacheco Lomba